

A Xunta de Galicia e a Confederación Empresarial de Ourense xunto con AEVER organizaron hoxe na Casa da Cultura do Concello de Verín unha
xornada informativa destinada para presentar as novas axudas públicas Innova Peme e Deseña Peme
da Axencia Galega de Innovación dirixidas ás empresas.

Este encontro contou coas intervencións de Gerardo Seoane, Alcalde do Concello de Verín, Patricia Argerey, Directora da Axencia Galega de Innovación (GAIN), María Sol Novoa, Presidenta da CEO, a Directora da área de servizos de GAIN, Patricia Fernández, e a Técnica da área de servizos de GAIN, Patricia López.

Durante a xornada os asistentes tiveron a ocasión de trasladar as cuestións que consideraron de interese; así como de recibir asesoramento individual na sesión posterior de networking sobre innovación e a súa implantación na empresa.